



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

Comisión Permanente da Mesa de Saúde Laboral

No día de hoxe reuniuse a Comisión Permanente da Mesa de Saúde Laboral onde tiñamos diversos temas a tratar, entre os que destacamos:

- Seguimento do " Plan de actuacións na AEAT ante a pandemia polo virus da Gripe A-N1H1"

Neste aspecto, infórmase que o Plan xa está elaborado e supervisado en colaboración co Ministerio de Economía e Facenda, estando pendente só da sinatura do Director Xeral da AEAT. Tamén fan entrega dun documento cos criterios para realizar o seguimento das incidencias no funcionamento dos servizos públicos a causa da Gripe A así como unha relación do que a AEAT considera como servizos prioritarios e que non deben quedar desasistidos pola causa da posible pandemia. A día de hoxe, a AEAT ten contabilizados 5 casos de funcionarios da Axencia que padeceron ou padecen a gripe A

Por outro lado, e tal e como pedíramos na anterior reunión da Mesa de Saúde Laboral, insitimos de novo en que os compañeiros do SVA sexan equiparados como grupo de risco e co mesmo tratamento que os corpos e forzas de seguridade do estado (Garda Civil, Policía Nacional..). A AEAT elevará ás instancias oportunas esta cuestión, da que esperamos a resposta oportuna.

Soupemos tamén que a Directora do Departamento de RRHH está a dar instrucións ás empresas concesionarias da limpeza dos distintos edificios da AEAT para pedirilles un maior esmero na limpeza e ventilación das distintas dependencias.

- Seguimento da campaña da vacina antigripal do 2009

Neste apartado facilitámonos os datos totais. En Galicia houbo 330 solicitudes.

- Difusión do plan de prevención de riscos na Intranet da AEAT.

Infórmase da intención da AEAT de habilitar un directorio na intranet sobre prevención de riscos que será de fácil acceso e para coñecemento de todo o persoal.

- Memoria actividades preventivas do 2008

Temos a vosa disposición o documento cos datos respecto a accidentes laborais, avaliacións de riscos etc. do 2008.

Unha vez máis (e xa van unhas cantas...) pedimos unha Mesa de Saúde Laboral única e exclusiva para tratar as incidencias do colectivo de Vixilancia Aduaneira. Parecer ser que desta sí que vai: a administración comprometeuse a convocala en breve (estaremos ao tanto)

SEGUIREMOS INFORMANDO

15/10/09

CIG AEAT:
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA
Télf.: 981 61 68 89/687 82 15 44
Fax: 981 12 72 22-cigaeat@gmail.com